


## Un superheroe actual

**LIX** Liberdade e compromiso nunha proposta narrativa tan rica en valores coma en fantasía



Noutra dimensión // Noemí López

**N**outra dimensión é unha narración iniciática que cose intelixentemente aventura, fantasía e realidade na voz dun

protagonista que reconstrúe dende a idade adulta uns feitos que viviu cando neno. Como aconteceu en *E Xael aprendeu a voar* (2009), Marica Campo repite parella coa ilustra-

dora Noemí López e volve afondar nas claves metafóricas e de xorne aventureiro do “voo”, neste caso coa transformación de Cidre en vento por mor dun feitizo de es-

tirpe libresca utilizado para fuxir das discusións dos pais. O cambio de estado permítelle viaxar, invisible e libre, na procura dunha felicidade da que, ao seu ver, carece e cos seus poderes coñece o mundo e combate “a inxustiza” –ás veces con métodos fóra do politicamente correcto–, nun percorrido circular que principia na súa contorna, o leva até xeografías distantes e remata de novo na casa familiar.

Na estrutura narrativa recoñécense motivos da tradición contística –conflito, afastamento, viaxe de ida, axudante (o enigmático Chetan), superación de tres probas, retorno–, nun argumento que sorprende pola integración de temáticas e a mudanza de espazos e dimensións temporais, como salienta o título. O relato constata o respecto da escritora polos destinatarios potenciais, ao se colocar decididamente ao seu nivel e botar man de recursos presentes nos videoxogos, filmes ou bandas deseñadas, de elementos que facilitan a comprensión, silencios cando còmpren ou mesmo alusións ás fontes en que atopar, completar ou contrastar informacións, dende Google ás bibliotecas.

Ao tempo, salienta a concepción dunha literatura xuvenil que gandra a compoñente didáctica coa fantasía e a aventura, pois trátase dun texto rico en valores e temáticas, como o coñecemento de diferentes culturas, costumes e zonas xeográficas, referencias mitolóxicas, valor das bibliotecas como depósito do saber, preservación do medio natural, defensa da lin-

gua como trazo da identidade dun pobo, concepción do amor como enerxía que move o mundo, relativización dos problemas persoais e importancia da memoria, entre outros. Se cadra, neste exceso de intereses reside certo desequilibrio argumental, visible na desigual importancia concedida ás distintas aventuras mais, en conxunto, estamos perante unha lectura refrescante, entretida, cun claro compromiso cunha realidade actual ao alcance dos adolescentes e que se adobía por veces con humor –escatolóxico en moitos casos– para restar tensión e dramatismo e converter en hilarantes algún episodio, como a vinganza contra don Luciano, o empresario que encabeza a asociación Galicia-dos e teima en mutilar os dereitos lingüísticos no ensino.

As ilustracións de Noemí López subliñan a mestura de realidade e fantasía. Captan a transformación de Cidre (na cuberta) e o dinamismo que lle outorga a súa condición de vento, e recrean os misteriosos personaxes e escenarios que atopa na viaxe, decantándose, como é habitual no seu estilo, pola desproporción das figuras, o xogo coas curvas e a esaxeración das formas.

// Isabel Soto

**Noutra dimensión** ·  
Marica Campo ·  
Galaxia, 2011 ·  
220 páx · 12,50 euros

